

BASES PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS Ó MÉRITO DEPORTIVO

1.- OBXECTO

Adxudicación dos premios ó mérito deportivo, que se entregarán anualmente na correspondente Festa do Deporte do Concello de Ribadumia, co fin de destacar as actuacións deportivas realizadas polos candidatos propostos no período que abrangue desde o mes de setembro do ano natural anterior ata o mes de agosto do ano en curso.

2.- MODALIDADE DOS PREMIOS

Os premios que se establecen son os seguintes:

a) Premio ós MELLORES DEPORTISTAS DE RIBADUMIA

Premiaranse neste apartado os deportistas ribadumienses que tivesen a traxectoria máis destacada na súa actuación deportiva, tanto a nivel provincial, autonómico, nacional coma internacional, segundo as seguintes CATEGORÍAS:

1. Premio Ó MELLOR "PROMESA" (MASCULINO, ata xuvenil incluído)
2. Premio Á MELLOR "PROMESA" (FEMININO, ata xuvenil incluído).
3. Premio Ó MELLOR DEPORTISTA (MASCULINO).
4. Premio Á MELLOR DEPORTISTA (FEMININO).

b) Premio ós MELLORES DEPORTISTAS DOS CLUBES DE RIBADUMIA

Premiaranse neste apartado os deportistas non ribadumienses que competisen oficialmente en clubs do Concello de Ribadumia, coa traxectoria máis destacada na súa actuación deportiva, tanto a nivel provincial, autonómico, nacional coma internacional, segundo as seguintes CATEGORÍAS:

1. Premio Ó MELLOR DEPORTISTA (MASCULINO).
2. Premio Á MELLOR DEPORTISTA (FEMININO).

c) Premio ó MELLOR EQUIPO

Premiarase o equipo que tivese a traxectoria máis destacada na súa actuación deportiva, tanto a nivel provincial, autonómico, nacional coma internacional, segundo as seguintes CATEGORÍAS:

1. Premio Ó MELLOR EQUIPO MASCULINO.
2. Premio Ó MELLOR EQUIPO FEMININO.

d) Premio ó MELLOR CLUBE

Premiarase o clube que presente maior número de eventos organizados en distintas categorías e niveis, que posúa a traxectoria máis destacada polos seus resultados a nivel provincial, autonómico, nacional coma internacional e que maior repercusión tivese para o Concello de Ribadumia.

e) Premio ó MELLOR ADESTRADOR

Premiarase o adestrador/a que se distinga no labor de promoción dunha determinada modalidade deportiva e que destacase ademais pola súa faceta humana e polos logros conseguidos.

f) Premio ó MÉRITO DEPORTIVO

Premiarase o deportista (marculino ou feminino), equipo ou colectivo deportivos que, non estando en activo, destacasen polo seu singular valor deportivo ou pola súa traxectoria deportiva mantida ó longo de varias temporadas e/ou anos.

g) Premio de recoñecemento ós PATROCINADORES

Premiarase o patrocinador que se distinga no labor de promoción dun deportista e/ou equipo ribadumiense, así como dunha determinada modalidade na que participen deportistas e/ou equipos ribadumienses.

h) Premio de recoñecemento ós MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Recoñecerase aquel profesional e/ou medio de comunicación que se distinga no labor de promoción da actividade deportiva en xeral ou dalgunha disciplina en particular nas que participen deportistas ou equipos ribadumienses.

3.- CARÁCTER DOS PREMIOS

Os premios que se outorguen na Festa do Deporte do Concello de Ribadumia serán concedidos, única e exclusivamente, con carácter honorífico.

4.- PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Poderán presentarse ou ser propostos para estes premios:

- ✓ Deportistas, adestradores/monitores, directivos ou colaboradores, empadroados en Ribadumia ou que acrediten pertencer a un clube deportivo do concello.
- ✓ Clubes deportivos legalmente constituídos e federados, inscritos no Concello de Ribadumia.
- ✓ Equipos pertencentes a cada un deses clubes legalmente constituídos e federados.

Os candidatos ós premios poden presentarse de 2 formas:

a) Pódense propoñer os candidatos de forma **INDIVIDUAL**, co cal calquera persoa que cumpra os criterios das modalidades que se van premiar pode presentarse directamente ou ser proposta como candidata por outra/s persoa/s, especificando con claridade a modalidade e categoría, se procede, na que se presentan.

Neste caso, as candidaturas deberán cubrir o ANEXO I e presentalo xunto con toda a documentación, gráfica ou de calquera outro tipo, que consideren conveniente para acreditar os méritos deportivos que se aleguen para cada modalidade de premios.

b) Pódense propoñer os candidatos de forma **COLECTIVA**: cada club ou entidade deportiva con sede no Concello de Ribadumia propondrá, de entre os seus membros, un máximo de 3 candidatos para cada unha das categorías que considere; para isto, deberán cubrir o ANEXO II e presentalo xunto con toda a documentación, gráfica ou de calquera outro tipo, que consideren conveniente para acreditar os méritos deportivos dos candidatos propostos.

En todo caso, as candidaturas, individuais e/ou colectivas, serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Ribadumia, entre o 1 e o 20 de agosto de cada ano natural. Non serán admitidas, en ningún caso, as candidaturas presentadas fóra deste prazo.

5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

Para os efectos da concesión dos premios ós mellores deportistas, constituirase un xurado formado polos seguintes membros, todos con voz e voto:

- O concelleiro de Deportes ou persoa na que delegue, que actuará como presidente do xurado.
- Un técnico municipal, que exercerá como secretario.
- Un representante de cada un dos grupos políticos con representación municipal.
- Un representante de cada unha das entidades deportivas con sede no Concello de Ribadumia.
- Un representante especializado en deportes de cada un dos medios de comunicación con maior difusión na comarca.

Na primeira xuntanza que se convoque serán designados nominalmente os membros do xurado tendo en conta as persoas que estean presentes. Aqueles grupos ou entidades que non acudan á mesma non poderán contar posteriormente con ningún representante como parte do xurado.

Unha vez nomeados os membros do xurado, estes reuniranse para avaliar os méritos presentados polas distintas candidaturas en prazo. O procedemento de selección será o seguinte:

- a) O técnico municipal que actúa como secretario entregará a cada membro do xurado a seguinte documentación:
- Unha copia do listado, previamente elaborado, no que se recollan, para cada categoría, todos os candidatos presentados, con expresión do nome e do club ó que pertencen (ANEXO III).
 - Unha copia do listado, previamente elaborado, no que se recollan, para cada categoría,

os méritos alegados para cada un dos candidatos presentados (ANEXO IV).

- b) A continuación, cada membro do xurado escollerá, en cada categoría, 3 candidatos, asignándolle a cada un 1, 2 ou 3 puntos.

Os membros do xurado que teñan vinculación directa con algún dos candidatos poderán optar por absterse de participar na deliberación e na votación desa categoría concreta ou ben por puntuar unicamente a candidatos cos que non exista esa vinculación directa. Agora ben, a opción escollida será a mesma para todos os membros do xurado que estean nesta situación e decidirse pola maioría de votos dos afectados.

Os membros do xurado poderán consultar en todo momento as solicitudes presentadas e poderán realizar as comprobacións que estimen necesarias sobre os méritos alegados e a documentación presentada.

- c) O presidente e o secretario do xurado farán o recuento dos puntos asignados a cada candidato. En caso de que haxa empate na puntuación máxima dalgunha das categorías, realizarase unha nova votación entre os 3 candidatos que obtivesen a maior puntuación. Se persistise o empate, prevalecerá o voto de calidade do presidente do xurado.
- d) Unha vez obtidos os resultados definitivos, o secretario do xurado designará oficialmente os 3 candidatos finalistas de cada categoría, ordenados alfabeticamente, sen especificar a puntuación concreta que obtivo cada un (ANEXO V). Deste listado, sen puntuacións, entregáraselle unha copia a cada un dos membros do xurado.

A seguir, o presidente e o secretario do xurado elaborarán o listado definitivo dos finalistas ordenados segundo a puntuación que obtivese cada un (ANEXO VI) e incluírán nun sobre (que estará rotulado coa categoría correspondente) unha papeleta co nome do candidato que obtivo a maior puntuación e do club ó que pertence, sen dalo a coñecer ós demais membros do xurado. O sobre pecharase e será asinado por cada un dos membros do xurado.

- e) O xurado poderá declarar deserto o premio dalgunha categoría cando non se presente ningún candidato ou cando, trala deliberación correspondente e por maioría dos seus membros, considere que os candidatos propostos non cumpren os requisitos establecidos nestas bases.

Así mesmo, o xurado poderá outorgar **premios de CARÁCTER EXTRAORDINARIO** distintos ós previstos nas modalidades do apartado 2 no caso de que, vistas as propostas, considere que algún deportista ou colectivo sexa merecedor desa distinción e non fose proposto nin recoñecido en ningún dos conceptos anteriores.

- f) O resultado final será inapelable.
- g) Todo o que non estea previsto nas bases será resolto polo xurado.
- h) Os candidatos ganadores en cada unha das modalidades, así como a entrega de premios, serán dados a coñecer na Festa do Deporte que cada ano organice o Concello de Ribadumia en colaboración coas entidades deportivas con sede no mesmo.

ANEXO I

CANDIDATURA INDIVIDUAL

D./D^a _____, con DNI número _____, enderezo en _____, e número de teléfono _____, **PROPÓN** como candidato ós premios ó Mérito Deportivo do Concello de Ribadumia na **MODALIDADE** _____ a:

D./D^a _____ Data de nacemento: _____
Deporte que practica: _____ Club: _____

MÉRITOS alegados:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____
6. _____
7. _____
8. _____
9. _____

DOCUMENTACIÓN que se achega:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____

Asdo.: _____

ANEXO II

CANDIDATURA COLECTIVA

D./D^a _____, con DNI núm. _____ e nº de teléfono _____, na súa calidade de _____ da entidade _____, **PROPÓN** a seguinte candidatura ós premios ó Mérito Deportivo do Concello de Ribadumia:

	Deportistas propostos	MÉRITOS
Mellor deportista RIBADUMIENSE "PROMESA" MASCULINO	1. 2. 3.	
Mellor deportista RIBADUMIENSE "PROMESA" FEMININA	1. 2. 3.	
Mellor deportista RIBADUMIENSE MASCULINO	1. 2. 3.	
Mellor deportista RIBADUMIENSE FEMININA	1. 2. 3.	
Mellor deportista MASCULINO non RIBADUMIENSE	1. 2. 3.	
Mellor deportista FEMININA non RIBADUMIENSE	1. 2. 3.	
Mellor EQUIPO MASC.	1. 2. 3.	

Mellor EQUIPO FEM.	1. 2. 3.	
Mellor ADESTRADOR	1. 2. 3.	
Premio ó MÉRITO DEPORTIVO	1. 2. 3.	
Premio ó PATROCINADOR	1. 2. 3.	
Premio á COMUNICACIÓN	1. 2. 3.	

DOCUMENTACIÓN que se achega:

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____

Asdo.: _____

ANEXO III

RELACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS

	Deportistas propostos	CLUB	PTOS.
Mellor deportista RIBADUMIENSE "PROMESA" MASCULINO	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.
Mellor deportista RIBADUMIENSE "PROMESA" FEMININA	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.
Mellor deportista RIBADUMIENSE MASCULINO	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.
Mellor deportista RIBADUMIENSE FEMININA	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.
Mellor deportista MASCULINO non RIBADUMIENSE	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.

Asdo.: _____

(O SECRETARIO)

ANEXO III

RELACIÓN DEFINITIVA DE CANDIDATOS

	Deportistas propostos	CLUB	PTOS.
Mellor deportista FEMININA non RIBADUMIENSE	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8. 9.
Mellor EQUIPO MASC.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.
Mellor EQUIPO FEM.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.
Mellor CLUB	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.
Mellor ADESTRADOR	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.
Premio ó MÉRITO DEPORTIVO	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.
Premio ó PATROCINADOR	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.
Premio á COMUNICACIÓN	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.

Asdo.: _____

(O SECRETARIO)

ANEXO IV

MÉRITOS DOS CANDIDATOS

MODALIDADE:	
CANDIDATOS	MÉRITOS
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.
	1. 2. 3. 4. 5.

Asdo.: _____

(O SECRETARIO)

ANEXO V

RELACIÓN DEFINITIVA DE FINALISTAS (x orde alfabética)

	Deportistas propostos	CLUB
Mellor deportista RIBADUMIENSE "PROMESA" MASCULINO	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista RIBADUMIENSE "PROMESA" FEMININA	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista RIBADUMIENSE MASCULINO	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista RIBADUMIENSE FEMININA	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista MASCULINO non RIBADUMIENSE	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista FEMININA non RIBADUMIENSE	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor EQUIPO MASC.	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor EQUIPO FEM.	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor CLUB	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor ADESTRADOR	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Premio ó MÉRITO DEPORTIVO	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Premio ó PATROCINADOR	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Premio á COMUNICACIÓN	1. 2. 3.	1. 2. 3.

Asdo.: _____

(O SECRETARIO)

ANEXO VI

RELACIÓN DEFINITIVA DE FINALISTAS (x puntuación)

	Deportistas propostos	CLUB
Mellor deportista RIBADUMIENSE "PROMESA" MASCULINO	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista RIBADUMIENSE "PROMESA" FEMININA	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista RIBADUMIENSE MASCULINO	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista RIBADUMIENSE FEMININA	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista MASCULINO non RIBADUMIENSE	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor deportista FEMININA non RIBADUMIENSE	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor EQUIPO MASC.	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor EQUIPO FEM.	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor CLUB	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Mellor ADESTRADOR	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Premio ó MÉRITO DEPORTIVO	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Premio ó PATROCINADOR	1. 2. 3.	1. 2. 3.
Premio á COMUNICACIÓN	1. 2. 3.	1. 2. 3.

Asdo.: _____

(O SECRETARIO)